



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA EQUIPAMENTO DE ALBERGUE ASOCIADO AO CAMIÑO DE SANTIAGO E AO ESPAZO NATURAL QUE O RODEA, NO CONCELLO DO PINO

Promotor: particular

Órgano substantivo: Concello do Pino

Expediente: 2022AAE2729

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello do Pino aprobouse definitivamente o 30.6.2003 (DOG do 29.8.2003).
- 2 O 19.10.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello do Pino no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de infraestruturas e dotacións para equipamento de albergue asociado ao Camiño de Santiago e ao espazo natural que o rodea" (en diante PEID). O 19.10.2022 requiríuse a emenda da solicitude e o 20.1.2023 recibíuse a documentación completa para iniciar a tramitación do plan.
- 3 O 23.1.2023 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 O órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o plan ten ou non efectos significativos no medio (artigo 75.3.b da LSG). No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.





- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico deberase consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do plan

Obxecto: segundo o indicado na documentación achegada, o obxecto do plan é implantar nunha edificación existente o uso de albergue turístico asociado ao Camiño de Santiago.

Ámbito de actuación: dúas parcelas lindeiras situadas entre os núcleos do Lameiro e Vilaboa, na parroquia de Arca, concello do Pino. Emprázase uns 500 metros ao norte da traza do Camiño de Santiago Francés.

No PXOM o solo está clasificado como rústico de especial protección, en parte de augas (no leste), en parte agropecuario (no norte) e en parte forestal (o restante).

Superficie: 24.644 m²

Alternativas: o documento ambiental estratéxico contempla tres posibles alternativas:

- A alternativa cero de non aprobar o plan especial.
- A alternativa 1, que propón agrupar as parcelas e implantar o albergue na edificación existente.
- A alternativa 2 (elixida), que ademais de agrupar as parcelas e implantar o albergue prevé a execución de itinerarios accesibles, as infraestruturas e dotacións necesarias e a apertura dunha parte da parcela para uso libre das persoas e peregrinos.

Proposta: o borrador contempla adecuar a edificación existente para uso hoteleiro (albergue), mencionando a posibilidade de ser ampliada no futuro. Os terreos situados no oeste do ámbito inclúense nunha parcela privada e os do leste destinaranse a zonas verdes e espazos libres (área de esparcemento e área de descanso).

Para comunicación interna deséñase unha vía principal que atravesa o ámbito de norte a sur e unha vía secundaria ata un pozo existente. O aparcamento localizarase na marxe dereita da vía principal, entre o futuro albergue e área de descanso. Tamén se prevé o acceso libre no entorno do rego do Burgo, permitindo a conexión coas sendas que rodean o PEID. O abastecemento de auga e a xestión de augas residuais resolveranse de forma autónoma (pozo existente e fosa séptica).

A normativa do PEID inclúe unha ordenanza paisaxística con medidas específicas de integración (como o mantemento da barreira vexetal do linde da parcela, a incorporación de especies vexetais autóctonas, evitar a alteración da topografía do terreo, evitar o uso de pavimentos impermeables continuos e uns acabados e cores na edificación acordes coa arquitectura da zona). Asemade, inclúe normas de defensa contra incendios forestais (respecto da correspondente franxa perimetral de protección e adopción de medidas de autoprotección pasiva da edificación).







2. Características ambientais da área probablemente afectada

O PEID abrangue terreos rústicos situados 1 km ao norte do núcleo urbano de Pedrouzo, entre a autovía A-54 e a estrada N-547. Trátase dunha contorna rural na que predominan os usos agropecuarios e de produción forestal, na que conviven vivendas de carácter tradicional con edificacións recentes e pequenas urbanizacións.

O Camiño de Santiago Francés¹ discorre uns 500 metros ao sur do ámbito do PEID, quedando este dentro da zona de amortecemento ou de respecto. O ámbito tamén está afectado polo contorno de protección do Castro de Lameiro² (GA15066014). A vexetación de ribeira asociada ao rego de Vilaboa configura o bordo leste do PEID.

A área de actuación presenta unha pendente entre o 10-20% e abrangue dúas parcelas catastrais. Na parcela sur existe unha edificación de dúas plantas que se pretende recuperar como albergue, con xardín, horta e froiteiras. A parcela do norte atópase en estado natural. No perímetro do ámbito e na división entre parcelas existen muros de bloque de formigón sen revestir.

O ámbito ten acceso polo sur dende unha estrada local e existen rutas de sendeirismo – cicloturismo que o bordean. Dispón de conexión á rede eléctrica e servizo de telefonía. Con respecto ao abastecemento de auga, a entidade xestora do servizo municipal (VIAQUA) informou de que na vía do sur existe rede municipal de abastecemento suficiente para o abastecemento normal da finca en condicións normais de servizo.



— ruta cicloturismo — zona de policía // zona amortecemento
Camiño de Santiago

- 1 Decreto 227/2011, do 2 de decembro.
- 2 No PXOM: ficha C-15 do Catálogo e plano 54 de ordenación.





3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do PEID mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do PEID as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

O plan especial formúlase ao abeiro do establecido no artigo 54.c) do RLSG, en relación cos artigos 35.1.o) da LSG e 50.1.o) do RLSG, en tanto se trata dun albergue turístico emprazado na zona de amortecemento do Camiño Francés de Santiago.

Deberase contemplar na ordenación a posible ampliación do edificio citada na memoria do borrador.

Instituto de Estudos do Territorio:

Conclúe que o PEID non terá un impacto significativo sobre a paisaxe e que as medidas previstas na futura ordenanza de paisaxe resultan axeitadas. Porén, de acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7008 de protección da paisaxe de Galicia (RLPPG), o plan deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03). Para mellorar a inserción paisaxística do plan recolle no informe algunhas suxestións.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Informa de que dentro do ámbito non existe ningún ben do patrimonio cultural, polo que o PEID non precisa incluír un Catálogo. Solicita que todos os planos identifiquen e grafen o Castro de Lameiro e o seu contorno de protección, ademais a lenda debe detallar que o ámbito está afectado pola zona de amortecemento ou respecto do Camiño de Santiago.

Cómpre completar a Normativa incluíndo as determinacións aplicables da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (artigos 34, 39, 45, 47, 46 e 96) e as medidas recollidas na ficha do Camiño que contén o borrador.

En canto á proposta, advirte que o contorno de protección do castro de Lameiro pode afectar aos recorridos previstos no plano de ordenación e á parcela privada. Recomenda que a execución das infraestruturas necesarias sexa respectuosa co estado natural dos terreos e a conservación do arborado autóctono na zona libre da parcela.





4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con este plan especial (PEID) preténdese instaurar o uso de albergue para peregrinos do Camiño de Santiago Francés nunha edificación situada en solo rústico.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos que se autorizan. Tampouco inflúe noutros plans ou programas.

Aínda que o PEID afecta a unha ampla superficie de solo rústico (case 2,5 ha), a súa maior parte destínase a zona verde e espazos libres, polo que non se esperan efectos relevantes en canto á ocupación do recurso solo. Porén, debe aclararse no plan as superficies que poden ser edificadas.

Dentro do ámbito non existe ningún ben do patrimonio cultural, polo que non se agardan efectos ambientais significativos nesta materia. Porén, cómpre identificar na planimetría do PEID as afeccións que derivan da proximidade do Camiño de Santiago (área de amortecemento) e do Castro de Lameiro (contorno de protección).

Tendo en conta as actuacións propostas no plan e que este contempla medidas axeitadas para a súa integración paisaxística, non se esperan efectos significativos sobre a paisaxe. Non obstante, as medidas previstas poden mellorarse incorporando o tratamento estético dos muros de bloque de formigón, dos peches e/ou socalcos existentes e definindo as condicións de pavimentación exterior e para acondicionamento da zona de lecer (sinalización, mobiliario urbano, etc.).

O rego de Vilaboa, que discorre polo límite leste do ámbito, queda integrado no PEID nos espazos libres polo que non se espera que o plan afecte á súa conectividade nin a súa funcionalidade. En todo caso deben establecerse no plan as determinacións necesarias para manter a máxima naturalidade da zona e minimizar a afección á vexetación autóctona de ribeira.

O borrador propón resolver o abastecemento de auga e o saneamento do ámbito de forma autónoma cos medios existentes (pozo e fosa séptica), prevendo conectarse ás redes municipais cando se executen na zona. Porén, segundo informou a empresa xestora do servizo municipal, no viario que discorre ao sur do ámbito xa existe rede de abastecemento con capacidade suficiente para prestar servizo ao predio en condicións normais de funcionamento. En aplicación do artigo 124.2 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, o organismo da bacía Galicia-costa só recoñece o dereito ao aproveitamento privativo de augas públicas a quen non teña garantido a subministración a través dunha rede de abastecemento existente, polo tanto o PEID deberá contemplar a conexión á rede de abastecemento municipal existente.

En conclusión, non se esperan efectos ambientais adversos significativos co desenvolvemento do plan, se ben resulta preciso establecer as condicións ou determinacións que se concretan de seguido.





PROPOSTA

Considerando o resultado das consultas previas realizadas e a análise dos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan especial de infraestruturas e dotacións para equipamento de albergue asociado ao Camiño de Santiago e ao espazo natural que o rodea”. Porén, considérase preciso establecer as seguintes **determinacións**:

- Conforme ao indicado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, deberase contemplar na ordenación a posible ampliación do edificio destinado a albergue.
- Atenderanse as observacións feitas polo Instituto de Estudos do Territorio:
 - O plan deberá incorporar un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 8 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia), proporcionado ao alcance daquela e específico para o lugar (directriz de paisaxe DX.03).
 - Especificaranse as superficies susceptibles de seren edificadas. O deseño do edificio dotacional adaptárase mediante a solución de mínima intervención e integrárase e articularase no terreo (DX 17.c.1 e c.2).
 - A elección de materiais e cores debe procurar a mellor integración cromática e textural en atención ás características da paisaxe de acollida (DX.17.c.4).
 - Procurará minimizarse a afección ás masas de arborado autóctono existentes na zona da ribeira do río (DX.17.a.4).
 - Para a definición das condicións de pavimentación exterior, aparcadoiro, sinalización, áreas de lecer e elementos de mobiliario urbano, etc., recoméndase consultar a *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos*. No caso do aparcadoiro debe preverse o amortecemento visual mediante barreira vexetal de especies autóctonas arbustivas e/ou arbóreas cara as frontes sur e leste.
 - Recoméndase incorporar ao plan a previsión de tratamento dos muros de bloque de formigón sen revestir dos peches e/ou socalcos existentes. Suxírese recebado e tratamento con cor ou aplacado de pedra. Poderá tomarse como referencia a *Guía de caracterización e integración de valados*.
- Teranse en conta as medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe, destacando as seguintes:
 - Os planos do PEID, tanto de información como de ordenación, deben grafar a delimitación do Castro de Lameiro e o seu contorno de protección, e identificalo co código e GA recollidos no PXOM (GA15066014, ficha C-15 do Catálogo do PXOM). A lenda dos planos identificará o ben delimitado e o seu contorno de protección. Asemade, a lenda incluirá un texto no que se indicará que todo o ámbito do PEID se atopa dentro da zona de respecto ou zona de amortecemento do Camiño de Santiago Francés.
 - A Normativa do plan debe conter un apartado específico de protección do patrimonio cultural que inclúa, entre outras cuestións, as medidas previstas





na ficha do Camiño de Santiago que contén o borrador para a conservación dos muros e valados tradicionais así como dos exemplares árbores e arbustivos de especies autóctonas.

- Con respecto aos "recorridos parcela" e a "parcela uso privado" que se identifica no plano de ordenación, terase en conta a afección sobre o contorno de protección do Castro e as posibles limitacións que desta circunstancia se poidan derivar (tanto da imposibilidade de determinadas actuacións, materiais a empregar, etc.).
 - Recoméndase que as actuacións que sexan necesarias para dotar ao ámbito das infraestruturas necesarias sexan respectuosas co estado natural dos terreos. Procurarase manter a naturalidade do ámbito, polo que se recomenda cartografar o arboredo autóctono e conservalo na medida do taposible dentro da zona libre da parcela.
-
- O plan deberá recoller na cartografía o curso fluvial existente coas súas zonas de protección: policía (100 m) e servidume (5 m). Débense respectar estas zonas de servidume e policía, así como as limitacións aos usos que establece a lexislación vixente en materia de augas.
 - En canto ao sistema de abastecemento de auga potable, o PEID deberá prever a conexión á rede de abastecemento municipal existente (artigo 124.2 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico).
 - O vertido ao dominio público hidráulico ou as augas continentais, de forma directa ou indirecta, precisará da preceptiva autorización do organismo de bacía, nos termos establecidos nos artigos 100 e seguintes do Texto refundido da Lei de augas e nos artigos 245 e seguintes do Regulamento de Dominio Público Hidráulico.

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

(asinado con sinatura dixital)





Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica o “Plan especial de infraestruturas e dotacións para equipamento de albergue asociado ao Camiño de Santiago e ao espazo natural que o rodea”, no concello do Pino, posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do plan atenderase ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remítirase ao promotor e ao Concello do Pino xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan especial no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado dixitalmente na marxe)

